

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA FINANCIAMENTO DAS CARPETAS PARA ESTUDANTES DA USC NO CURSO 2024/2025

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D., director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e de acordo coas facultades que lle confire a dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, de 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos.

Doutra parte, D., Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG de 22 de marzo), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia aposta pola oferta de formación liderada polas universidades públicas, e que desempeñará un papel protagonista na preparación de profesionais que contribúan á transformación do sector nos vindeiros anos. Coa formación preténdese saír da crise cun sector turístico reforzado en todas as súas dimensións: con empresas máis resilientes e competitivas, con persoas empregadas máis preparadas e con novas competencias, con máis emprendedores e emprendedoras, e con maiores índices de empregabilidade da xente nova. En definitiva, a través dun emprego de calidade, preténdese consolidar ao turismo como un sector estratéxico da economía galega.

Cuarto.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda colaborar na financiamento de material educativo, por razóns de interese público. O proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela a través do presente convenio de colaboración é a financiación da campaña institucional de difusión mediante a distribución entre os estudantes de carpetas nas que se inclúa a promoción da imaxe turística de Galicia de xeito que tamén se promova a imaxe como destino turístico. Este convenio é a materialización da continuación coa labor da promoción e difusión do turismo levado a cabo a través da USC xa iniciado no 2023 e continuado debido ao bo acollemento por parte do estudantado.

Por parte da Axencia de Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións básicas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento da campaña institucional de difusión mediante a distribución entre os estudantes de carpetas.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula primeira ascende a vinte mil mil douscentos cincuenta euros, 20.250 € (IVE incluído). Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 20.250 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2024. En todo caso, as achegas da Axencia de Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que a USC obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas:

Concepto	Importe €
15.000 insercións publicitarias (1,35 por carpeta)	20.250 €

TOTAL	20.250 €
--------------	-----------------

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da USC unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromisos das partes

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola USC nun proceso de colaboración continua coa Axencia. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula novena deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

1. A USC comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.
 - Deberá facer constar na tapa posterior de todas as carpetas, así como na información que xeren e publiciten, o financiamento por parte da Xunta de Galicia de conformidade co Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia segundo as indicacións do manual de uso.
 - Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula segunda, así como na definición en concreto das accións obxecto do convenio.

Así mesmo, a Axencia de Turismo de Galicia proporcionará á USC as imaxes institucional ou promocional que se irán na contraportada das carpetas que se distribúen entre o estudantado da USC

A Axencia nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

Cuarta.- Resultados conxuntos

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así mesmo, o diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia de Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que a USC deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade ao establecido na cláusula segunda:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **1 de decembro de 2024**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda relativa as accións a realizar pola USC, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a viabilidade das mesmas, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia de Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeiro.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia de Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo segundo.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceiro.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse

electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarto.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2024**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Universidade de Santiago de Compostela.